

# Xogar e interpretar

Outras formas de facer teatro

MV GARCÍA

O traballo do actor consiste en crear personaxes e mostralos na escena mentres outros actores fan o mesmo, o que xera unha dinámica relacional complexa e fluxos comunicativos diversos. Por iso, por veces, temos a sensación de que o que acontece na escena é un simple recitado de texto, unha emisión verbal que nin procede do actor nin do personaxe, pero tampouco é presentación escénica ou trebello "post-dramatique" (tantas veces máscara da incapacidade). Actuar é, ante todo, comunicar, e facelo desde a alteridade (que pode ser tamén a que nos habita). Para Peter Brook era un xogo, quizais porque o xogo, para ser tal, como lembrou Johan Huizinga, precisa dun compromiso ineludible. O xogo non admite simulacros, por moito que haxa simulacros que queiran ser xogo. O simulacro aséntase na asunción da falsidade como conduta. Por iso o simulacro lle resulta tan querido á posmodernidade.

O traballo do actor, a maneira en que se concibe, constrúe e presenta o personaxe, ten dado lugar a diferentes escolas e métodos, se ben todos eles parten de tres paradigmas fundamentais: indutivo, dedutivo e dialéctico, que dan lugar a variacións varias, algunhas extremas. Cabo deles hai outro, o que se podería denominar lúdico, e que conta cun considerable arraigo en bastantes países de expresión inglesa, nos que se utiliza o verbo "to play" para dicir interpretar, da mesma maneira que en francés din "jouer". Mesmo houbo investigadores notables no campo das ciencias da conduta que dedicaron atidos ensaios na consideración do xogo como unha das matrices fundamentais do comportamento humano. Entre eles está Donald Woods Winnicott, autor dun ensaio fundamental, *Playing and Reality*, no que explica, de forma tanxencial, pero moi precisa, a xénese e a natureza da escena, e do teatro, partindo do xogo.

Nesa corrente bebeu Augusto Boal, autor dun libro moi coñecido na Península Ibérica e que tanta utilidade tivo para tantos colectivos. Falamos de *Duzentos Exercicios e Jogos para Ator e Não-Ator com Vontade de Dizer Algo a través do Teatro*, onde se incorporaban técnicas que foran utilizadas anteriormente por grupos e persoas moi diversas, desde Viola Spolin ata Joseph Chaikin, desde o Bread and Puppet ao Living Theatre. En Inglaterra a corrente colleu moito pulo cos traballos de Joan Littlewood, unha excelente directora de escena

moi pouco coñecida entre nós, e menos valorada aínda, malia ser una das voces máis comprometidas e renovadoras da escena europea dos anos cincuenta e sesenta, creadora dos primeiros laboratorios teatrais.

Este libro que presentamos, *Xogos Teatrais*, é debido desa tradición poderosa na que se formaron tan-

tos e tantos intérpretes, que fronte a unha interpretación asentada na dor propuxeron unha interpretación asentada no pracer, no teatro coma un xogo e non coma tortura introspectiva. Hai anos, Don Richardson publicaba un interesante libro, *Acting Without Agony*, cun título que ilustra moi adecuadamente a súa finalidade. O de Clive Barker parte doutras premissas pero vai por camiños

paralelos; un volume moi útil pois mostra, a través de actividades lúdicas moi diversas, a maneira de xogar, de xogar a ser outros, con outros, noutro tempo e noutro espazo, a facer do "como si" unha ferramenta de transformación. Velai a esencia mesma do teatro, non hai outra. Por iso resulta moi recomendable para todo tipo de colectivos, desde os profesionais aos escolares, pois en todo lugar onde se queira facer teatro cabe facelo desde o xogo.

**BARKER, Clive, Xogos teatrais. Unha perspectiva nova da educación teatral, Vigo, Galaxia, 2011, PVP 25€**



Hai outro Clive Barker, aquel que escribe historias de terror das que logo extrae guións para películas como *Hellraiser*, todo un fito no cine fantástico. Este Clive Barker, sen embargo, orientou a súa actividade noutra dirección, sobre todo despois de entrar a traballar no Theatre Workshop de Joan Littlewood, directora que seguía os postulados de Bertolt Brecht dunha forma moi heterodoxa, e que formou con Ewan MacColl,

a mediados dos anos trinta do pasado século, un dos colectivos máis activos no campo do teatro de axitación e propagan-

## Clive Barker

da. Clive recolleu boa parte dos postulados prácticos de Joan, fixo os seus, experimentou con eles e desenvolveu unha liña de traballo que mantivo por máis de trinta anos.

Este libro magnífico contén numerosas propostas de traballo para inducir e provocar no actor un estado psicofísico que

lle permita desenvolver plenamente un xogo de roles desde o que articular unha interacción fluída nun espazo e nun tempo nos que se produce una permanente transición entre diversos

planos da ficción, conformando así, co xesto, coa palabra, e coa acción, todo tipo de universos, de mundos imaxinarios. Son os mesmos principios, as mesmas ideas, e os mesmos procesos que informaban aquel libro espléndido titulado *Io ero l'albero (tu il cavallo)*, escrito, entre outros, por Franco Pasatore. Como diría Brook, velai a clave, nesa frase sinxela que serve de abreinte ao mundo da fantasía: xogar a ser, a facer.